



---

Proba de

Código

CSPC001

**Lingua  
galega**

---

Lingua galega



# 1. Formato da proba

---

## **Formato**

- A proba consta de 20 preguntas tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

## **Puntuación**

- Puntuación: 0'50 puntos por cada pregunta correctamente contestada.
- Por cada resposta incorrecta descontaranse 0'125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

## **Duración**

- Este exercicio terá unha duración máxima de: 60 minutos.

## **Materiais e instrumentos que poden empregarse durante a proba**

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.



## 2. Exercicio

---

1. Complete esta oración coa forma verbal axeitada: *O que \_\_\_\_\_ é que non sabes perder.*
  - A te pasa.
  - B che pasa.
  - C pásache.
2. Complete esta oración coa forma verbal axeitada: *Cando cheguei á parada, o autobús xa \_\_\_\_\_.*
  - A pasou.
  - B pasara.
  - C había pasado.
3. Seleccione a palabra equivalente á expresión que vai en negra nesta oración: *Despois de oír aquilo quedou **coa boca aberta**.*
  - A asustado.
  - B agardando.
  - C sorprendido.
4. As diferentes falas que existen dentro do galego permiten diferenciar:
  - A Tres grandes bloques lingüísticos: occidental, central e oriental.
  - B Dous grandes bloques lingüísticos: un ao norte e outro ao sur.
  - C Catro bloques lingüísticos, cinco áreas e tres subáreas lingüísticas.
5. Cal é a serie de palabras que contén *castelanismos*?
  - A Garfo, billa, nécora.
  - B Cosco, felgo, cimón.
  - C Manzanilla, riñón, purín.



6. Cal é a serie que contén palabras *parasintéticas*?

---

- A Descampado, paraugueiro, desaugar.
- B Noiteboa, cartafol, augardente.
- C Árabe-israelí, estrela de mar, chave inglesa.

7. Cal é a serie de palabras que teñen sufixos derivativos?

---

- A Avogaducho, librazo, buratiño, rapazote.
- B Compostelán, sumidoiro, libreiro, alternancia.
- C Catuxa, solteirona, lugarexo, sentidiño.

8. Na palabra *apóstata* o prefixo grego *apo-* significa:

---

- A Dificultade, privación.
- B Posición inferior.
- C Separación, afastamento.

9. Na palabra *heliocentrismo* o elemento grego *helio-* significa:

---

- A Sol.
- B Terra.
- C Gas.

10. Na palabra *perdurar* o prefixo latino *per-* significa:

---

- A Oposición.
- B Intensidade.
- C Privación.

11. Na palabra *ignífugo* o elemento latino *igni-* significa:

---

- A Lume.
- B Auga.
- C Aire.



**12.** Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A** Adrián, ernia, elmo, arpía, edra, endecasílabo.
- B** Arpa, inflar, ermida, encher, orfo, inchar.
- C** Abenza, ucha, angar, indú, erba, arén.

**13.** Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A** Ditador, anéodota, condutor, convito, produtor, olfato.
- B** Ditador, anéodota, condutor, convicto, produtor, olfacto.
- C** Dictador, anéodota, conductor, convicto, produtor, olfato.

**14.** Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A** Cristobo, escaravello, rebentan, pabillóns, vermellas, valeiro.
- B** Cristovo, escarabello, reventan, pavillóns, bermellas, baleiro.
- C** Cristovo, escaravello, rebentan, pavillóns, vermellas, baleiro.

**15.** Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A** Oitavo, infectar, doutor, aptitude, provecto, seita.
- B** Octavo, infestar, doctor, atitude, provecto, secta.
- C** Octavo, infestar, doctor, actitude, proveito, secta.

**16.** Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A** Tarea, flaco, franela, floxo, febra, furna.
- B** Tarea, fraco, franela, frouxo, freba, urna.
- C** Tarefa, fraco, flanela, frouxo, febra, furna.

**17.** Cal é a serie de palabras que só contén participios irregulares?

---

- A** Pago, enxoiito, suspenso, impreso, farto, canso.
- B** Frito, nacido, falado, suxeito, torcido, collido.
- C** Torto, gañado, solto, escorrido, ceibado, aceso.



**18.** Cal é a oración na cal non se pode usar o infinitivo conxugado?

---

- A** Vai ser difícil chegar ás nove á Coruña.
- B** Teus pais víronte ao saír da cafetería.
- C** Hai que vir cedo porque teñen pouco sitio.

**19.** Cal destas oracións contén unha perífrase modal?

---

- A** Leva nevando desde decembro.
- B** Deben de ser as oito.
- C** Téñocho dito moitas veces.

**20.** Cal é o tempo verbal correcto?

---

- A** Valdría, valdrías, vadría, valdríamos, valdríades, valdrían.
- B** Valgo, vales, vale, valem, valéis, valen.
- C** Valla, vallas, valla, vallamos, vallades, vallan.